



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A UTILIZACIÓN DAS BIBLIOTECAS DA USC POR PARTE DO ALUMNADO DO BACHARELATO INTERNACIONAL DOS CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Eu, como director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARO:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería) formalizou coa USC o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 29 de novembro de 2017 ata a finalización do curso 2017/18.

Que o instrumento convencional ten por obxecto que o alumnado do Bacharelato Internacional dos centros públicos dependentes da Consellería poida acceder ás bibliotecas dependentes da USC, co fin de realizar a monografía establecida nesta modalidade de bacharelato ao rematar o segundo ano de formación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.

No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de xestión dos





centros de ensino público de educación secundaria situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro dos centros que son titularidade da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia algúns deles imparten o Bacharelato Internacional. Dentro desta modalidade de bacharelato o alumnado debe realizar, como un dos compoñentes troncais do Programa do Diploma (PD) do Bacharelato Internacional (IB), unha monografía inédita.

A USC dispón de bibliotecas, fundamentalmente a Biblioteca Xeral de Santiago de Compostela, que ten libros e material de traballo que lle pode ser de grande utilidade ao alumnado desta modalidade de bacharelato para a realización de indicada monografía.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asino dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

